

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, E AUGAS DE GALICIA PARA A INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO TIC NO CENTRO DE PROCESO DE DATOS INTEGRAL (CPDI) E PRESTACIÓN DE SERVIZO NA MODALIDADE DE IaaS

Segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Segundo o disposto no Artigo 8 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, créase Augas de Galicia como ente público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e das competencias reguladas pola mesma lei. Augas de Galicia exerce as funcións indicadas no artigo 11 da mencionada lei.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios, lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

O 3 de decembro de 2020 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos e todas, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental

Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.



Impulsar a adquisición das capacidades máis avanzadas en torno ás novas tendencias tecnolóxicas, garantindo a súa utilización óptima e adquirindo as competencias necesarias para desenvolvelas e utilizalas, proporcionará un impulso esencial á transformación dixital das nosas áreas de interese público e ao noso tecido empresarial.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre Augas de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o establecemento das condicións da instalación dos sistemas informáticos e tratamento de datos (equipamento TIC) propiedade de Augas de Galicia, no Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDI), así como a regulación da prestación dun modelo de infraestrutura como servizo (IaaS).

Financiamento

Os pagamentos que Augas de Galicia fará a favor da Amtega non teñen carácter oneroso, como beneficio pola prestación de servizos, tratándose unicamente de compensacións polos gastos xerados en virtude do volume ocupado e o uso dos servizos a proporcionar por parte da Amtega. As variacións no uso dos servizos se comunicarán a Amtega no momento no que se precisen.

O importe máximo anual dos servizos que faga uso Augas de Galicia será de 40.000,00 €. Augas de Galicia realizará o gasto con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento, e o gasto imputarase á conta 6216 “Arrendamentos “Arrendamentos. Equipos para procesos de información” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades;

2021: 40.000,00 €

2022: 40.000,00 €

2023: 40.000,00 €

2024: 40.000,00 €

No caso de realizarse unha prórroga deste convenio, este importe poderá incrementarse en función das tarifas que se establezan no momento da mesma, mediante a formalización da correspondente addenda. No caso de ser preciso superar esta cifra, será necesaria a sinatura dunha addenda que recolla estas necesidades.

Os servizos de operación “in situ”, aloxamento de cintas en armarios ignífugo e servizos LaaS que se detallan no seguinte parágrafo son necesarios para satisfacer as necesidades que se perseguen coa sinatura do Convenio e os importes das súas tarifas non superan o 50% do importe total do Convenio.



Augas de Galicia comunicará á Amtega calquera incidencia acontecida con relación aos servizos obxecto do presente acordo.

Augas de Galicia garantirá o cumprimento e adopción das medidas relativas á seguridade dos datos de carácter persoal, de conformidade coa normativa vixente na materia.

A Amtega requirirá anualmente a Augas de Galicia o pagamento en función das tarifas establecidas para os seguintes conceptos demandados:

2.2.1. Prestación de servizos en modalidade de “housing”.

A Amtega establecerá as tarifas destes conceptos e as comunicará a Augas de Galicia con antelación suficiente. Estas tarifas poderán variar anualmente. Sen prexuízo da limitación máxima anual de 40.000 €, as tarifas establecidas inicialmente son as seguintes para os servizos solicitados:

- Servizo de aloxamento (Housing) do equipamento en 2 armarios tipo rack: 552 €/ mes por armario.
- Servizos de operación in-situ con dispoñibilidade dun operador con dedicación de 1 hora semanal: 20,5 € por hora de operador.
- Aloxamento en armario ignífugo das cintas de backup: 0,95 €/ano por cada cinta.

O volume do espazo de aloxamento do equipamento, do aloxamento en armarios ignífugos, e da cantidade de horas de servizos de operación in-situ, revisarase semestralmente en función das necesidades de Augas de Galicia, recalculándose o importe semestral en función das tarifas correspondentes. As cintas de backup serán provisionadas por Augas de Galicia ata un número de 24 unidades, sendo tan só competencia da Amtega o aloxamento das mesmas en armario ignífugo. Non procederá por tanto, regularizacións, sendo de aplicación o importe correspondente a partir do seguinte fito de facturación semestral. A Amtega establecerá as tarifas destes conceptos e as comunicará a Augas de Galicia con antelación suficiente. Estas tarifas poderán variar anualmente.

2.2.2. Prestación de servizos en modalidade IaaS.

- Realizar as revisións necesarias para verificar o cumprimento da Política de Seguridade.
- Garantir a protección das comunicacións e protección dos servizos.
- Xestionar o control de acceso por fornecedor.
- Monitoraxe.
- Servizo de copias de seguridade.



O servizo de administración do IaaS pola Amtega dentro deste convenio terá un custo testimonial sendo dificilmente cuantificables de forma taxativa posto que se inclúen dentro das labores de administración e mantemento de toda a infraestrutura da Amtega, sen ter unha dedicación en exclusiva e, polo tanto, cuantificable. Deste xeito a estimación será dun máximo de 1 hora semanal dun administrador (máximo: 1.716,00 €/ano).

Augas de Galicia coñece e garantirá o cumprimento do modelo IaaS da Amtega respectando as responsabilidades no referente ao uso deste servizo e os procedementos asociados.

Santiago de Compostela,

José Luis Somoza Digón

Xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

